



FEMINISMO E INDUSTRIA MUSICAL.
A creación dun novo MODELO CULTURAL.

XORNADA MIM NA CORUÑA DECEMBRO 2018
17 e 18 de DECEMBRO **CENTRO CÍVICO CIDADE VELLA A CORUÑA**

DÍA 1

10.30h. Benvida e presentación da xornada por Carmen Zapata (Presidenta | Asociación MIM).

11:00 h a 12:15 h. A situación actual da industria na Coruña.

Existen diferenzas substanciais nas políticas de xénero entre os distintos territorios do estado? Unha análise que percorre a situación nos principais escenarios e núcleos da industria musical, como se xestionan no territorio galego e unha comparativa co resto de políticas de xénero do resto do estado. É suficiente? Deben existir protocolos de actuación homoxeneizados?

Modera: Lorena Jiménez (Directora | La Trinchera Comunicación).

Participan: Christian A. Beade (Coordinador | Locais de ensaio do Concello da Coruña), Javier Becerra (Xornalista | La Voz de Galicia) e Silvia Penide (Música | Silvia Penide).

12:15 h a 12:45 h. Pausa café.

12:45 h a 14:00 h. A administración pública e a igualdade na industria musical.

Proporemos e sumaremos accións directas, analizaremos que medidas están a tomarse actualmente tanto no sector público e no privado, debateremos sobre a súa efectividade ou inefectividade e por que o compromiso das administracións e do sector privado debe estar coordinado e ser firme.

Modera: Marcela San Martín (Executiva de contas | Palacio de la Prensa).

Participan: Xabier Campos (Asesor de Cultura | Diputación de A Coruña), Oriol Roca (Co-director | Mercat de Música Viva de Vic) e Manuel Roxo (Socio Fundador | Culturactiva).

14 h. Fin da xornada de mañá.

16.30 h a 17:45 h. O uso do corpo da muller na música, da cosificación ao empoderamento.

Dende a promoción ao videoclip, estereotipos de xénero e novas praxes con respecto ao corpo. O corpo da muller sempre foi usado na industria musical como unha ferramenta de atracción. Analizaremos se este uso do corpo é imposto ou voluntario, se é útil para conseguir un fin (chegar á música) ou si pola contra é unha barreira (chega a eclipsar á música). Veremos a evolución (sobre todo a través dos video-clips) da utilización do corpo feminino.

Modera: Angels Bronsoms (Xornalista e investigadora en Xénero e Música | UAB).

Participan: Carmen Zapata (Presidenta | Asociación MIM), Sofía Trigo (Música | Wöyza) e Xaime Miranda (Director audiovisual).

18:00h a 19:15 h. Entidades e redes, formas distintas e complementarias de impulsar a igualdade.

Dende 2016 creáronse máis de 20 asociacións feministas en toda Europa relacionadas coa industria da música. Todas elas, tanto a nivel estatal como a nivel internacional, teñen como obxectivo conseguir que as condicións de homes e mulleres na industria da música sexan as mesmas. Coñeceremos estas entidades e como crean lazos entre elas.

Modera: Marian Fernández (Socia fundadora e responsable de comunicación | O Cable Inglés).

Participan: María González (Co-fundadora e responsable de produción e booking | Santa Cecilia Music), Violeta Mosquera (Música | Bala e Participante | Keychange PRS Foundation) Almudena Heredero (Directora | Primavera Pro) e Carmen Zapata (Presidenta | Asociación MIM).

19:30 h. Fin da primeira xornada.

DÍA 2

11:00 h a 12:15 h. Tecendo redes: colectivos galegos construíndo en perspectiva de xénero.

Daremos visibilidade a todos aqueles colectivos relacionados coa industria da música no territorio galego que están a achegar métodos de cambio baseados na perspectiva de xénero, para revertir a situación de desequilibrio actual. Coñeceremos que relación teñen entre se e que puntos teñen en común as súas actividades, medios e obxectivos.

Modera: Arancha Estévez (Xornalista).

Participan: Patty Castro (Creadora e coordinadora | Colectivo MGK), Alberto García (Presidente | AGPXC) e María José Pérez (Vocal | Músicas Ao Vivo).

12:15 h a 12: 45 h. Pausa café.

12:45 h a 14:00 h. Responsabilidade nos obxectivos de cambio e equilibrio de xénero nas programacións.

Pode ser o boicot unha nova forma de presión e empoderamento?

Analizaremos como a responsabilidade do cambio na estrutura non é exclusiva de organismos públicos ou entidades privadas. O poder dos axentes da cadea de valor da industria como medio de cambio, a presión social como medida de reivindicación. A mobilización das audiencias para esixir cambios reais.

Modera: Marta García (Xornalista | El Ideal Gallego).

Participan: Susana Laya (Co-directora | Atlantic Fest), Julio Gómez (Co-director | Festival SinSal Son Estrella Galicia) e Cristina Torres (Directora | Festival Músiques Sensibles).

14h. Fin da xornada de mañá.

16.30 h a 17:45 h. Igualdade na programación musical. Cotas e outras medidas como vehículos artelladores.

As programacións musicais no territorio español posúen un 15% de presenza feminina. Un feito moi significativo e reflexo da posición na que se atopa a muller na industria da música e no mundo laboral. Veremos que medidas podemos adoptar para incrementar a presenza feminina e debateremos sobre a necesidade de implantar cotas.

Modera: Toni Castarnado (Escritor e xornalista musical).

Participan: Héctor César Marcos (Director Xeral | MASGALICIA), Raquel Collar (Entertainment Relations Pro | Gibson) e José Manuel Sande (Concelleiro de Culturas, Deporte e Coñecemento | Concello da Coruña).

18:00h a 19:15 h. Exposición de conclusións das xornadas. Definición de obxectivos e liñas de traballo para o 2019.

De cada panel extraeremos as ideas e conclusións que nos axuden a definir os obxectivos que podemos marcarnos para cumprir de fronte ao 2019.

19:30 h. Fin da segunda xornada e despedida.